

## ACTA NÚMERO: 33/2023

### ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 26 de outubro de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** María Isabel Couselo Torres, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 19 de outubro de 2023 (Reunión 32/2023).
2. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidad das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).
3. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación available mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidad das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).
4. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente a documentación available mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación da implantación, dinamización e mantemento dunha Plataforma B2B dentro do proxecto "Da túa man" (rural) aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU". (Expte.- 2023048319).
5. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente a documentación available mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para contratación da implantación, dinamización e mantemento dunha Plataforma B2B dentro do proxecto "Da túa man" (rural) aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU". (Expte.- 2023048319).
6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente a documentación available mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha ferramenta de Contac Center para a xestión das chamadas nas oficinas do ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023029997).
7. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación available mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha ferramenta de Contac Center para a xestión das chamadas nas oficinas do ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023029997).
8. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación available mediante criterios de xuízos de valor do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui. (Expte.- 2023034850).



9. Apertura electrónica dos sobre "C" correspondente a documentación available mediante criterios de valoración automática do procedimento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui. (Expte.- 2023034850).
10. Aprobación das valoracións técnicas dos sobre "B" correspondente á documentación available mediante criterios de xuízos de valor do procedimento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Ponteareas. (Expte.- 2023010415).
11. Apertura electrónica dos sobre "C" correspondente a documentación available mediante criterios de valoración automática do procedimento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Ponteareas. (Expte.- 2023010415).

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 19 de outubro de 2023 (Reunión 32/2023).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 19 de outubro de 2023 (Reunión 32/2023).

**2. Apertura electrónica dos sobre "A" correspondente á documentación administrativa do procedimento aberto convocado para a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).**

A Presidenta decide retirar o asunto da orde do día para poder solicitar un novo informe aos responsables da plataforma VORTAL para clarificar os informes emitidos anteriormente en relación a unhas incidencias que tivo o representante legal dunha empresa, para a presentación, en prazo, da documentación solicitada para participar no procedimento aberto convocado para a contratación do servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra.

**3. Apertura electrónica dos sobre "B" correspondente á documentación available mediante xuízos de valor, do procedimento aberto convocado para**



**a contratación do "Servizo para a execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023010892).**

A Presidenta decide retirar o asunto da orde do día polos motivos expostos no punto anterior debido a que se trata do mesmo procedemento de licitación.

4. **Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente a documentación available mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación da implantación, dinamización e mantemento dunha Plataforma B2B dentro do proxecto “Da túa man” (rural) aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”. (Expte.- 2023048319).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de implantación, dinamización e mantemento dunha plataforma B2B dentro do proxecto “Da túa man (rural)” aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio a actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de industria, comercio e turismo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) financiado pola UE Next-Generation. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22/09/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescripcións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 13/10/2023, procedeu á apertura electrónica dos sobre A correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura do sobre “B” que contiña a documentación técnica.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- CENTRO DE OBSERVACIÓN Y TELEDETECCIÓN ESPACIAL SAU (CIF A-47.461.066)
- CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL (CIF:B15757941)

Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobre “B” que presentaron as empresas admitidas, ao Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local ao obxecto de que os técnicos do mesmo, evaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



O Xefe do Servizo de Emprego e desenvolvemento Local e o Técnico Medio de Administración Xeral do Servizo de Novas Tecnoloxías José Ramón Pérez Gonzalez emitiron informe de valoración dos criterios availables mediante xuízos de valor con CSV (TNDP33M6QLE9S6TF) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Empresas Licitadoras	1. Implantación da plataforma B2B (ata 6 puntos)	2.- Módulo de xestión de contidos (ata 6 puntos)	3.- Captación, titorización e dinamización da rede (ata 5 puntos)	4.- Frontal web (ata 5 puntos)	5.- Módulo de comunicación colaborativa (ata 5 puntos)	6.- Visibilización: vídeo-experiencias (ata 6 puntos)	7.- Accións de formación e sensibilización (ata 4 puntos)	8 - Módulo de xestión de persoas usuarias (ata 3 puntos)	Total (ata 40 puntos)
CENTRO DE OBSERVACIÓN Y TELEDETECCIÓN ESPACIAL SAU	1,50	1,50	2,50	2,50	2,50	0,00	4,00	1,50	16,00
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	6,00	6,00	5,00	2,50	2,50	4,50	4,00	1,50	32,00

A Mesa de Contratación en base ó citado informa acorda:

- 1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións.
- 2.- Que non se proceda á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación available mediante criterios automáticos presentada pola empresa Centro de observación y teledetección espacial SAU ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non availables mediante fórmulas (20,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.
5. **Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente a documentación available mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para contratación da implantación, dinamización e mantemento dunha Plataforma B2B dentro do proxecto “Da túa man” (rural) aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”. (Expte.- 2023048319).**

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas ao procedemento aberto sendo estas as seguintes:



Empresas Licitadoras	Total puntos sobre "B" (ata 40 puntos)
CENTRO DE OBSERVACIÓN Y TELEDETECCIÓN ESPECIAL SAU	16,00
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	32,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desencriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non availables mediante fórmulas (20,00 puntos).

Procédese polo tanto a apertura da oferta presentada pola Cinfo Contenidos informativos personalizados S.L., sendo os valores ofertados os seguintes:

- Empresa: Cinfo Contenidos informativos personalizados SL

#### 1.- Prezo ofertado:

##### 1.1.- Prezo ofertado para a implantación da plataforma:

Importe sen o IVE: ..... 140.179,20 €

IVE (..... %): ..... 29.437,63 €

Importe total ofertado: ..... 169.616,83 €

*Nota: o importe ofertado (sen ive) non pode ser superior a 166.880,00 €*

##### 1.2.- Prezo total ofertado para o servizo de soporte e mantemento:

Importe sen o IVE: ..... 32.652,98 €

IVE (..... %): ..... 6.857,12 €

Importe total ofertado: ..... 39.510,10 €

*Nota: o importe ofertado (sen ive) non pode ser superior a 40.816,22 €*



2.- Número de vídeo-experiencias ofertadas a maiores das 16 establecidas como mínimo: 5

*Nota: o número máximo de vídeo-experiencias que se poden ofertar é de 5 video-experiencias.*

3.- Oferta dunha bolsa de horas para desenvolvimentos evolutivos durante o período de mantemento (máximo 1.500 horas):

Nº horas ofertadas: 1.500 horas

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar alguma oferta incursa en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requerimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

**6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A” correspondente a documentación available mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha ferramenta de Contac Center para a xestión das chamadas nas oficinas do ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023029997).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación número 2023007179, de data 21 de setembro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para a subministración dunha ferramenta de Contac Center para a xestión das chamadas nas oficinas do ORAL da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de setembro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescripcións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074)

A Mesa de Contratación na reunión do día 13 de outubro de 2023 tamén procedeu á apertura do sobre “A”, nos que aparte da documentación administrativa tamén figuraba a documentación técnica, aportada pola empresa admitida no procedemento convocado



para a contratación da referida subministración, remitíndose a mesma ó Servizo de Novas Tecnoloxías para á súa valoración.

Con data 24 de outubro de 2023, os técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías emiten informe (CSV: KVVG WANJSUYLOOU9) relativo á valoración da documentación técnica presentada pola empresa licitadora que acada o seguinte resultado:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074)
Arquitectura da solución proposta, ata un máximo 9 puntos	7,00
Xestión de incidencias, ata un máximo 8 puntos	6,00
Plan de implantación, ata un máximo 5 puntos	4,00
Plan de formación, ata un máximo de 3 puntos	3,00
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE A (máximo 25 puntos)</b>	<b>20,00</b>

A Mesa de Contratación, en base ó informe emitido polos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías de data 24 de outubro de 2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato.

**7. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación available mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da subministración dunha ferramenta de Contac Center para a xestión das chamadas nas oficinas do ORAL da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023029997).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa ós asistentes da puntuación acadada pola empresa MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074) na valoración técnica das ofertas presentadas para optar á adxudicación do contrato de “Subministración dunha ferramenta de Contac Center para a xestión das chamadas nas oficinas do ORAL da Deputación de Pontevedra”, e que é a seguinte:

Licitador	Puntuación Sobre “A”
MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074)	20,00



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procédese á desencriptación e descarga da documentación presentada no sobre "B" correspondente aos criterios de valoración automática presentado pola empresa que participa no procedemento aberto simplificado que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non availables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

**MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074)**

1. Prezo ofertado para toda a duración do contrato:

	Subministración ferramenta	Soporte e mantenimento	Total
Importe sen o IVE:	32.605,90 €	32.990,00 €	65.595,90 €
IVE (21 %):	6.847,24 €	6.927,90 €	13.775,14 €
Importe total ofertado:	39.453,14 €	39.917,90 €	79.371,04 €

2. Ampliación dos acordos de nivel de servicio:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA					
CRITICIDAD	TIEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	5 Horas	10 Horas	16 Horas	24 Horas
CRÍTICA	10 HORAS	X		Non procede	Non procede
ALTA	16 HORAS	X			Non procede
MEDIA	24 HORAS	X			

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre "B" son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074)
Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 60 puntos.	2,343 puntos
Ampliación de acordos de nivel de servizo, ata un máximo de 15 puntos.	15 puntos
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE B</b>	<b>17,343 puntos</b>



A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “Subministración dunha ferramenta de Contac Center para a xestión das chamadas nas oficinas do ORAL da Deputación de Pontevedra”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE “A”	SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074)	20,00	17,343	37,343

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumplimentado o requerimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “Subministración dunha ferramenta de Contac Center para a xestión das chamadas nas oficinas do ORAL da Deputación de Pontevedra”, á empresa, MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074) que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado, e de acordo co seguinte detalle:

1. Prezo ofertado para toda a duración do contrato:

	Subministración ferramenta	Soporte e mantemento	Total
Importe sen o IVE:	32.605,90 €	32.990,00 €	<b>65.595,90 €</b>
IVE (21 %):	6.847,24 €	6.927,90 €	<b>13.775,14 €</b>
Importe total ofertado:	39.453,14 €	39.917,90 €	<b>79.371,04 €</b>

2. Ampliación dos acordos de nivel de servicio:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA					
CRITICIDAD	TIEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	5 Horas	10 Horas	16 Horas	24 Horas
CRÍTICA	10 HORAS	X		Non procede	Non procede
ALTA	16 HORAS	X			Non procede
MEDIA	24 HORAS	X			

A Mesa de Contratación comproba que a empresa MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A. (NIF: A83637074) figura inscrita no Rexistrio Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estando debidamente constituída e non está incursa en ningunha prohibición de contratar.



- 3) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, **MAINTENANCE DEVELOPMENT, S.A.** (*NIF: A83637074*) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 3.279,79 euros.
  - 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederese nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
- 8. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente á documentación available mediante criterios de xuízos de valor do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui. (Expte.- 2023034850).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o concurso público para a contratación do “Arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Tui”, convócase mediante anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01/09/2023.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 21/09/2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, e dos sobres “B” correspondentes á documentación available mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación xeral presentada nos sobre A polas persoas licitadoras a este procedemento, as persoas admitidas foron:

- María Luisa Ferreira Peixoto
- María Cristina Rosendo Carrera
- 

Na referida sesión, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación do sobre “B” ao persoal técnico do servizo ORAL, para que avalie e pondere a proposta, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores de este procedemento.

O servizo ORAL remite informe dos técnicos do Servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023, co nº CSV 166OU1QJM8LZL7FI, no que se conclúe o seguinte:

*“Logo de analizar a documentación presentada, de realizar unha visita de inspección aos locais ofertados o 04.10.2023, e tendo en conta os requisitos esixidos no prego de prescripcións técnicas do expediente de referencia, conclúese que o local 2 ofertado*



*CUMPRE en liñas xerais cos requisitos técnicos esixidos no dito prego, obtendo unha puntuación de 20 puntos.”*

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no informe emitido polo Servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023, acorda proponer ao órgano de contratación a exclusión da licitadora María Luisa Ferreira Peixoto (DNI: ....493.....), por non cumplir e non axustarse o establecemento aos requisitos esixidos no prego de cláusulas económico administrativas particulares nin no prego de prescripcións técnicas, e prestar conformidade ás puntuación acadadas pola licitadora María Cristina Rosendo Carrera (DNI: ....634.....) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adjudicación do contrato, procedendo no seu caso á apertura do sobre C.

**9. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente a documentación available mediante criterios de valoración automática do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Tui. (Expte.- 2023034850).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que unha vez aprobada a valoración da documentación contida no sobre B correspondente aos xuizos de valor en base ao informe elaborado polo persoal técnico do servizo de Arquitectura, procede a continuación a apertura dos sobres C da documentación correspondente aos criterios availables mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non availables mediante fórmulas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédease á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobre “C” da documentación correspondente aos criterios availables mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non availables mediante fórmulas.

Os valores ofertados por María Cristina Rosendo Carrera (DNI: ....634....), único licitador admitido, foron os seguintes:



1. Menor prezo ofertado sobre o prezo mensual de licitación sen IVE, en relación coa superficie construída do local:

Prezo mensual ofertado sen IVE	500,00 €/mes
IVE (21%)	105,00 €/mes
Prezo mensual ofertado total	605,00 €/mes

2. Metros cadrados de superficie construída do local ofertado: 94 metros cadrados.
3. Metros de distancia entre o local ofertado e o Concello de Tui: 600
4. Metros de distancia entre o local ofertado e unha zona de estacionamento de vehículos: “100 metros, aínda que existe la posibilidade de aparcar enfrente”
5. Aseo dispoñible no local, que cumpra coa normativa vixente, a maiores do mínimo esixido: Sí.

**10. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” correspondente á documentación available mediante criterios de xuízos de valor do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Ponteareas. (Expte.- 2023010415).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o concurso público para a contratación do “Arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Ponteareas”, convócase mediante anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 01/09/2023.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 21/09/2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, e dos sobres “B” correspondentes á documentación available mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.



Unha vez examinada a documentación xeral presentada nos sobre A polas persoas licitadoras a este procedemento, a persoa admitidas foi: D. Francisco Outón Estévez (DNI: ....787.....), e non admitidas, ningunha.

Na referida sesión, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación do sobre "B" ao persoal técnico do servizo ORAL e Arquitectura, para que avalie e pondere a proposta, seguindo os criterios de adxudicación establecidos nos pregos reguladores de este procedemento.

O servizo ORAL remite informe do servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023, co nº CSV 1OGCQ1ZOE97C5RQ3, concluíndo o seguinte:

*"Logo de analizar a documentación presentada e dispoñible e de realizar unha visita de inspección ao local de referencia en data 04.10.2023, e tendo en conta os requirimentos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas conclúese que o Local 1 ofertado CUMPRE cos requisitos técnicos esixidos no dito prego, obtendo unha puntuación de 29,5 puntos."*

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no informe emitido polos técnicos do Servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023, acorda prestar conformidade ás puntuación acadadas polo licitador D. Francisco Outón Estévez (DNI: ....874.....) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato e proceder á apertura do sobre C.

**11. Apertura electrónica dos sobre "C" correspondente a documentación available mediante criterios de valoración automática do procedemento convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no concello de Ponteareas. (Expte.- 2023010415).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes que unha vez aprobada a valoración da documentación contida no sobre B correspondente aos xuizos de valor en base ao informe elaborado polo persoal técnico do servizo de Arquitectura, procede a continuación a apertura dos sobre C da documentación correspondente aos criterios availables mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non availables mediante fórmulas. O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desencriptación e descarga da documentación presentada nos sobre "C" da documentación correspondente aos criterios availables mediante fórmulas das ofertas das empresas admitidas que non



resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non availables mediante fórmulas.

Os valores ofertados por D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H), único licitador que presentou oferta, foron os seguintes:

**1. Prezo mensual ofertado**

Prezo mensual ofertado sen IVE	1.200,00 €/mes
IVE (21%)	252,00 €/mes
Prezo mensual ofertado total	1.452 €/mes

**2. Metros cadrados de superficie construída do local ofertado: 150**

**3. Metros de distancia entre o local ofertado e a Casa Consistorial do municipio de Ponteareas: 20**

**4. Metros de distancia entre o local ofertado e unha zona de estacionamiento de vehículos: 180**

**5. Aseo dispoñible no local, que cumpra coa normativa vixente, a maiores do mínimo esixido: Sí**

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

